

se aproba o Regulamento de montes, logo de instrución do expediente polo órgano competente, e tendo en conta o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial de Lugo e a proposta do 10 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, esta consellería de acordo cos artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo único.-Excluír do catálogo de montes de utilidade pública da provincia de Lugo, a parte do monte Paleira pertencente á parroquia de Balboa que figuraba co número de CUP nº 73.1.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 26 de novembro de 2007 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas ao fomento do emprego en empresas de economía social e para a promoción do cooperativismo, convocadas pola Orde do 7 de marzo de 2007.

A Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se convocan para o ano 2007 (DOG nº 55, do 19-3-2007), establece no seu artigo 3 que os créditos previstos para o financiamento das axudas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a

Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polos fondos europeos.

En consecuencia, e realizada xeración de crédito por transferencia finalista do Estado para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 7 de marzo de 2007, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 7 de marzo de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007:

16.04.324A 471.0 polo importe de 488.961,44 euros; código de proxecto 2007 00649.

16.04.324A 770.0 polo importe de 83.592,87 euros; código de proxecto 2007 00685.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2007.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de novembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión polo sistema de libre designación dun posto de traballo vacante na Consellería